


Propostas de política a nivel galego para afrontarmos o Teito do petróleo (*Peak Oil*) dirixidas a todas as formacións políticas que se presentaren ás eleccións do 21/10/2012 ao Parlamento de Galiza

Asociación Véspera de Nada por unha Galiza sen petróleo, Setembro de 2012

(Versión 1.2)

“Abandonemos o petróleo, antes de que el nos abandone a nós.”

– Fatih Birol, economista xefe da Axencia Internacional da Enerxía (AIE)



Unha das gráficas que máis claramente mostran a nova etapa histórica do petróleo: malia o medre dos prezos, a extracción total non dá aumentado. É dicir, chegamos ao teito da extracción mundial do petróleo, ao “Peak oil”.

Fonte: James Murray & David King, “Oil’s tipping point has passed ” (2012)

Índice

Contexto das propostas e exposición de motivos.....	2
Administración.....	4
Economía.....	7
Educación.....	9
Enerxía.....	11
Hábitat, rural e urbanismo.....	15
Agricultura etc.....	17
Transporte.....	19
Fiscalidade.....	22
Sanidade e saúde pública.....	24
Difusión e concienciación cidadá. Outras medidas.....	25

Contexto das propostas e exposición de motivos

Presentamos este documento como base de referencia para aquelas candidaturas ás eleccións galegas de 2012 que queiran ter un programa electoral que teña en conta a situación á que nos expón o Peak Oil (PO) como país. Para a súa elaboración partimos principalmente das seguintes fontes:

- 1) Documentos previos como os preparados pola nosa asociación en 2011 referidos á política municipal no concello da Coruña, e que foron asumidos na súa práctica totalidade pola candidatura de Esquerda Unida-Os Verdes;
- 2) O proxecto que temos en marcha co concello de Teo gobernado polo *irmandiño* Martiño Noriega;
- 3) Referencias de propostas de intervención económica, política e social feitas nos últimos anos por diversos analistas internacionais da cuestión do Peak Oil e que Véspera de Nada foi dando a coñecer e recompilando.

Non é pretensión deste documento expoñer os problemas derivados da grave situación histórica que vivimos nin demostrar a súa conexión co final da Era do Petróleo. Remitimos como referencia ao noso web VesperaDeNada.org onde se poderán atopar análises nosas e de destacados organismos de diversos países que explican as consecuencias do PO. Así e todo, é a nosa intención acompañar este documento cun anexo documental que recolla algunhas das análises máis salientables.

Así é todo resumirémolas aquí dicindo que como consecuencia de termos pasado o cénit ou teito da produción convencional de petróleo (recoñecido finalmente pola propia AIE tras anos de negar a súa posibilidade) e polo crecente custo económico e enerxético de extraer outros tipos de petróleo, **as sociedades mundiais áchanse abocadas a un choque de proporcións xigantescas co primeiro dos límites planetarios ao crecemento**. A propia AIE e institucións estratéxicas como a intelixencia militar estadounidense ou a alemá veñen coincidindo en situar **en torno a 2015** os primeiros problemas de subministro debidos ao devalar da extracción de cru. É dicir, pasaremos de ter suficiente petróleo pero caro, a ter escaso e moi caro. Iso significa que o vindeiro **gobierno galego ha ter apenas 2 anos para poñer en marcha medidas urxentes que preparen á sociedade galega** no seu conxunto para as peores consecuencias da queda do petróleo, consecuencias que por outra banda xa estamos a vivir de maneira menos evidente se temos en conta a contribución decisiva en 2007-2008 do medre do custo do petróleo no comezo da fase financeira da crise que padecemos. Debido a este irremediable declive enerxético, **o fin da crise non terá lugar se teimamos en manter un paradigma económico baseado nun obxectivo irrenunciábel do crecemento económico** que só serve para acelerar a descomposición social e a precariedade en diversos ámbitos. É imprescindible camiñar cara unha **simplificación social**, con menos relacións de mediación na esfera da produción, da distribución, do consumo, da obtención de servizos gratuítos ou da cobertura das necesidades fundamentais. Isto obriga a unha reformulación profunda en todos estes aspectos e, fundamentalmente, nos modos de producir e consumir, onde hai que considerar de qué recursos dispoñemos en Galiza e **no eido local, onde se deberá procurar un nivel crecente na capacidade de fornecérmonos por nós mesmos de alimentos e enerxía**, e de consolidar redes locais de comercio e de colaboración e axuda mutua. Neste senso, sen renunciar á posibilidade do comercio exterior, este debe deixar de ser un obxectivo prioritario, do mesmo modo que a industrialización pola industrialización mesmo a costa do estrago de recursos autóctonos ou de procesos fortemente poluíntes, propios de economías de enclave. O

obxectivo primordial debe ir dirixido á resolver internamente o **forneamento de bens e servizos básicos para a poboación a partir do potencial endógeno**, coa observación constante da **redución do consumo enerxético total**, en particular os combustíbeis fósiles.

Os seguintes apartados centraranse, xa que logo, nas medidas que consideramos deben ser postas en marcha polo goberno galego que emane das eleccións do 21 de outubro de 2012, para afrontarmos como país nas mellores condicións posibles este grave problema. Son, por suposto, incompletas pero isto non debe facernos pospoñer a súa posta en práctica. O primeiro paso é recoñecer o problema e despois a aplicación das medidas poderá ser adaptada dinámica e racionalmente aos acontecementos.

Administración

Criterios xerais:

- Dotarse dos **mecanismos** que permitan a aplicación eficiente das presentes medidas.
- Coordinarse con, e contribuír a concienciar a, **outras administracións**.

Medidas:

- Modificar as funcións e fins do **INEGA**, de maneira que preste un servizo efectivo para o país, contribuíndo aos obxectivos establecidos polo goberno galego en materia de política enerxética, en base aos criterios expostos de maneira que se poida ocupar da planificación, aplicación e xestión das diversas medidas da Xunta de Galicia relativas ao Peak Oil e á necesaria **transición enerxética**. Ou, no seu caso, crear unha axencia ou departamento específico con esta finalidade que podería denominarse “Axencia Galega para a Transición Enerxética”, ou máis amplamente “**Axencia para a Transición Enerxética e a Resiliencia de Galiza**” (ATERGa). En calquera caso, o INEGA con novas funcións e fins ou a nova Axencia, debe ter un carácter e capacidade de actuacións **transversais** tanto porque o problema ten implicacións para o conxunto da sociedade galega, como polas medidas que habería que tomar para facerlle fronte. Por iso, non debería depender nin dunha Dirección xeral nin dunha Consellaría con competencias sectoriais e con fins limitados á cuestión puramente enerxética, senón da Presidencia ou dunha Vicepresidencia. A importancia da cuestión mesmo daría para unha Vicepresidencia específica (de Sustentabilidade ou Resiliencia, p.ex.). En calquera caso non debería ser un departamento máis do goberno galego, senón que debería ter poderes suficientes para que o seu **criterio de racionalidade enerxética** primase sobre outros meramente monetarios ou sectoriais, podendo servir como base para a coordinación necesaria entre os departamentos que deben tomar medidas para a transición enerxética. Un dos cometidos deste organismo será establecer contactos coas diversas administracións que noutros lugares do mundo están a acometer políticas específicas fronte ao PO.

- En calquera caso, **todos os departamentos da Xunta**, a todos os niveis decisorios deberían ter como un dos seus eixos de traballo a **adaptación ao novo estadio post Peak Oil**. Para unha información de urxencia, serviría, por exemplo, a convocatoria dunhas xornadas internas e a edición de documentación específica, e a coordinación permanente a través do organismo indicado encargado do PO. Outra posibilidade sería a existencia dunha **comisión permanente inter-consellarías** encargada desta coordinación. Debe asegurarse a máxima **alfabetización sobre a enerxía** dos cargos públicos. A Axencia devandita ofrecería asesoramento permanente a calquera departamento da Xunta (consellaría, dirección xeral, subdirección, etc.) acerca das cuestións relativas ao PO.

- Aprobar o antes posíbel un **decreto sobre o PO**, anticipo dunha lei específica máis completa, que serviría de **marco para todas as actuacións** incluídas neste documento e outras que houber, ademais de trasladar á poboación unha mensaxe clara acerca do problema e de como o goberno galego o vai afrontar. Compre ligar pero non confundir a información sobre o PO e aquela referida a outros elementos críticos (financeiros, monetarios etc), de modo que, entendendo que existe unha certa concatenación entre eles, uns teñen respostas de carácter máis estrutural e permanente e outros de carácter máis técnico e ocasional. Establecer secuencialmente as **prioridades** e solucións é básico para unha mellor transmisión da información á poboación e para o **debate público** que

deberá haber.

- Revisar a **política de compras** a provedores da Xunta dando prioridade ao **abastecemento de proximidade**: de produtores e produtos galegos e, en segunda instancia, aqueles das zonas máis achegadas xeograficamente.
- Coa mesma orientación, debe haber un apoio decidido á creación e/ou consolidación das **redes locais de distribución de alimentos**, e ás **cooperativas de consumo ecolóxico e local**. *
- Revisar todos os **planos de investimento público** da Xunta baixo un escenario permanente de petróleo caro, nomeadamente en aspectos como previsión de custos e de ingresos, así como de dispoñibilidade de materiais e usos previstos.
- Revisar os **orxamentos** e o nivel de **endebedamento** á luz dun contexto permanente de declive da actividade económica actual (medida polo PIB). A **reformulación das contas públicas** debería facerse baixo parámetros netamente diferentes ás receitas actuais promovidas desde a Unión Europea ou o Fondo Monetario Internacional que, conforme á doutrina neoliberal, non fan máis que afondar nas contradicións que trouxeron de forma acelerada á situación de crise actual. Nun contexto de **reestruturación económica xeral** tamén debe haber un cambio revolucionario no modo de entender as contas públicas en materia de ingresos como de gastos. Sen menoscabo dos **servizos públicos gratuítos** fundamentais, cuxo dereito debería permanecer inalienábel, debería camiñarse cara unha reconfiguración máis descentralizada, máis autónoma, fronte ao xigantismo de estruturas administrativas onde a burocracia e o dirixismo centralizador absorbe unha parte crecente dos recursos públicos e que deberían utilizarse en favor dunha extensión da gratuidade dos mesmos.
- Favorecer a **redución do consumo de combustible** utilizado polos membros do goberno e cargos públicos da Xunta, reducindo o número de desprazamentos, en particular os que teñen como finalidade a propaganda e a promoción política persoal en actividades nos que dita presenza non é estritamente necesaria para o normal desenvolvemento da mesma. Nas reunións internas entre departamentos localizados en diversos puntos de Galiza, usar **videoconferencias** sempre que for posible. Tamén en aquelas outras externas nas que, polo seu carácter, non sexa necesaria a participación presencial, e promovendo a substitución de desprazamentos por transmisións online en todos os actos e actividades con financiamento público nas que sexa factible. Así é todo, procurarase non prexudicar con esta medida as oportunidades para o contacto presencial e o diálogo entre os cargos públicos e os cidadáns.
- Máximo **emprego do transporte público** polos cargos públicos, especialmente nos desprazamentos urbanos. Isto ten varios efectos prácticos: técnico (reducir o consumo de carburantes pola Xunta de Galicia), pedagóxico (converter en habitual o uso deste transporte para todos os estamentos sociais), político (familiarizarse con un servizo básico, as súas virtudes e os seus defectos, permitindo unha mellor resolución dos problemas que lle atinxen). O transporte público tamén debería ser prioritario en moitos outros desprazamentos locais que se realizan por parte do persoal técnico e/ou administrativo da Xunta na realización do seu traballo. Igualmente, debería fomentarse o seu uso para o desprazamento ao lugar do traballo por parte de todo o persoal da Xunta.
- **Redución da xornada dos traballadores públicos** en dependencias administrativas a 4 días x 10 horas/día, seguindo o exemplo do Estado de Utah nos EE.UU. Noutros servizos dependentes da Xunta, polo seu propio carácter (por exemplo, educación ou sanidade) debería estudarse para, avanzando nesa dirección, non producir un grave prexuízo aos usuarios dos mesmos (pais e nais traballadores, doentes, etc).
- Promover a **descentralización de todos os servizos da Xunta**, avaliando en cada caso as vantaxes e inconvenientes desde o punto de vista do aforro enerxético.

- Promover que os **concellos**, sobre todos aqueles con problemas de financiamento, estuden a posibilidade de poñer en circulación **moeda local**, como xa se vén experimentando historicamente en diversas partes do mundo, con numerosos casos de éxito.
- Da mesma maneira que se someten todas as propostas legislativas a análises económicas e xurídicas antes de presentalas no Parlamento, crear unha **comisión que analice a racionalidade enerxética de calquera reforma legislativa** á luz do PO.
- Reforma con criterios de **aforro enerxético neto de todos os edificios** propiedade da Xunta. *
- Elaboración de **informes previos vinculantes sobre a eficiencia enerxética** da nova construción e **obra pública** a cargo da Xunta de Galicia, de modo que se estableza como requisito básico o máximo aproveitamento solar pasivo dos edificios e illamento enerxético e unha proporción significativa na capacidade de **autoabastecemento enerxético**. *
- Os xardíns do **pazo do presidente da Xunta** converteranse en hortas urbanas para uso dos veciños, onde o propio presidente poderá explotar persoalmente –como un veciño máis– a súa parcela para autoconsumo.
- Todas as medidas incluídas neste documento e outras que o goberno galego poña en marcha relacionadas coa preparación de Galiza diante do PO deberán incluír en toda a documentación feita pública, cartelería, etc. un **logotipo e lema** que as vinculen entre si, unificándoas como parte dun plan integral e transversal, para evitar que sexan consideradas en ningún caso como actuacións illadas e para comunicar axeitadamente o seu significado e obxectivos. Podería ser “Preparando Galiza para o descenso enerxético”, p.ex.

Criterios xerais de política económica:

- Supeditar totalmente a economía ao **benestar social**.
- Abxurar publicamente do **mito do “crecemento sostible”**.
- Asumir o **carácter enerxético profundo da crise actual**.

Medidas:

(NOTA: Poderían ser xestionadas moitas delas a través do IGAPE ou mediante a nova axencia devandita.)

- Difundir e **divulgar o problema do PO**, mediante a organización, por exemplo de xornadas dirixidas a todas as **empresas** de Galiza (recomendable facelo por sectores) onde se dean a coñecer tanto o que é o PO como as súas consecuencias, explicando claramente os posibles escenarios aos que se enfrontarán. Poden tomarse como partida para estas comunicacións os escenarios elaborados polo Goberno Vasco (varios números da Revista *Ekonomiaz*¹) e outras entidades e autores de prestixio que se centran sobre os efectos previstos para cada sector da actividade económica. *
- Promover a **creación de empresas** realmente —e non só nominalmente— **sustentables e resilientes** mediante un programa específico de posta en marcha deste tipo de empresas a partir dun ciclo de formación sobre o PO para os seus promotores. Centrar os apoios da Xunta ás iniciativas empresariais que demostren unha **dependencia mínima do petróleo e unha máxima eficiencia e aforro enerxéticos**, reducindo os destinados ás máis dependentes e menos eficientes. *
- Fomentar a **identificación e reconversión de empresas dependentes directa ou indirectamente do petróleo**. Elaborar unha guía para esa reconversión, subvencionar auditorías de dependencia enerxética, ofrecer asesoramento (de balde ou subvencionado) para o proceso de adaptación, etc. *
- Fomentar a reorientación das empresas produtivas cara as **necesidades internas do país**, reavaliando a viabilidade das **exportacións** en escenarios de custos irremediabilmente crecentes do transporte. *
- Apoiar economicamente proxectos empresariais que fornezan **produtos substitutivos** aos que importa o país. *
- Favorecer a **recuperación de sectores industriais** con vocación produtiva orientada ao mercado galego e que foron abandonados no contexto da mundialización económica. *
- Identificar os **produtos críticos** dos que carecerá o país a causa do fin do petróleo barato e estimular a súa produción local (ou dos seus substitutos) mesmo a partir de **empresas públicas** ou con participación de capital público se fose necesario ou conveniente.
- Identificar (mapear) os **recursos locais** e as capacidades locais de produción en cada bisbarra. *
- Favorecer a **creación de empresas de servizos** que non impliquen elevados consumos materiais e de enerxía. *
- Estimular a **innovación** orientada ás oportunidades de negocio e emprego que xurdirán tras a Era do petróleo. Poñer en marcha **premios á mellor idea e/ou tecnoloxía** ou ferramenta para o aforro enerxético e para a vida sen petróleo. Divulgar esta información para que se incremente exponencialmente o acceso e uso de ditas

1 O primeiro deles titulado “*El petróleo y la energía en la economía. Los efectos económicos del encarecimiento del petróleo en la economía vasca*” (2009).

tecnoloxías ou ferramentas. Favorecer a creación de **redes de intercambio de coñecementos e de experiencias** ligadas á adaptación ao PO.

- Fomentar, coa colaboración das agrupacións de empresas e comerciantes, a creación dun **sistema de Crédito Mutuo** que palíe os efectos da actual falta de liquidez e a dependencia do sistema bancario. *
- Promover o uso das **moedas locais** entre as empresas e comercio local para aumentar a liquidez.
- Favorecer a creación de **bancos de tempo** municipais ou comarcais de amplo alcance salientando os seus beneficios sobre todo para mobilizar a desempregados, estudantes, xubilados, etc. *
- Favorecer a creación de **bancos municipais e comarcais de alimentos** e de produtos de primeira necesidade. Os alimentos deberían vir preferentemente de produtores galegos. *
- Reforzar o **comercio de proximidade**, sobre todo o alimentar e de produtos de primeira necesidade. Contribuír ao establecemento de redes locais de subministro ao estilo do feito p.ex. en Escocia. *
- En todas aquelas medidas nas que se traballe con fontes locais e resilientes, **cuantificar o aforro** para a Xunta (e os cidadáns galegos) que implica usaren esas fontes, como medio para demostrar que as medidas melloran de feito a economía galega nesta época de dificultades. A Axencia suxerida anteriormente podería encargarse desta cuantificación.
- Fomentar con **programas formativos** específicos a integración dos parados, sobre todo os de longa duración, en novos **oficios e servizos “para a resiliencia”**.
- Ofrecer incentivos tamén para a **recuperación de oficios** que impliquen **reparación, mantemento, reutilización e reciclaxe** local de materiais e produtos usados. Integrar os puntos limpos das cidades e vilas con estes servizos, ofrecendo neles produtos reparados/reciclados de balde a persoas e institucións non lucrativas que os precisen. *
- Incentivar a **reconversión da industria galega do automóbil** e accesorias para novos nichos de mercado menos dependentes do petróleo e orientados a satisfacer as necesidades dunha sociedade pos-petróleo. Condicionar a esa reconversión calquera axuda económica da Xunta a este sector, directa ou indirecta.
- Eliminar os apoios económicos aos centros comerciais non integrados nas cidades e dependentes do coche, derivándoos cara o apoio ao **comercio de proximidade**.
- Campañas a prol da elección de **produtos de consumo de “orixe galega”**.

Educación

Criterios xerais:

- Corrixir o **desfase** existente entre a preparación que estamos a dar á mocidade e o futuro que van vivir.
- Contribuír a un **cambio social, cultural e de valores** por medio do sistema educativo en todos os niveis.
- Contribuír a poñer en marcha unha **economía sen petróleo**.

Medidas:

- Difundir e recuperar as **técnicas e oficios tradicionais** pre-industriais mediante exposicións itinerantes, programas de radio e TV e clases en colexios e institutos. Promoción e actualización das novas-vellas profesións que se van precisar na nova economía sustentable pos-petróleo, como **novos nichos de emprego** de futuro. *
- **Revisar os curricula** educativos e de formación profesional continua nun contexto de escaseza de petróleo para incluír neles a capacitación dos estudantes en **habilidades e coñecementos precisos para unha vida pos-petróleo**: p.ex. horticultura e crianza de pequenos animais de granxa, primeiros auxilios e prevención de enfermidades, produción de conservas de alimentos, técnicas de elaboración de alimentos e cociña, construción e carpintaría básicas, fabricación de tecidos e elaboración de roupa, compostaxe e reciclado de nutrientes, artesanía práctica, matemáticas sen calculadora, memorización, etc. *
- Promocionar a **formación en torno ás enerxías renovables**, en particular ás dirixidas ao autoconsumo doméstico e/ou empresarial. *
- **Descentralizar a formación** en todos os niveis educativos, nomeadamente no universitario, ao estilo do feito en Cuba durante o Período Especial.
- Promover ao máximo a **teleformación & e-learning** para evitar desprazamentos e facer chegar esta formación a todos os lugares do país. Fomentar mediante instalacións subvencionadas vía satélite e outras o **acceso a Internet de banda larga** en todo o rural, como se veu facendo en Asturias, p.ex. *
- Mantemento e potenciación do **ensino no rural**. Recuperar e manter os pequenos centros de educación infantil nas aldeas evitando que nenos e nenas teñan que facer longos desprazamentos a pé ou en vehículos motorizados. Esta e outras medidas dirixidas ao ámbito rural son fundamentais para revitalizar estas áreas e axudar a fortalecer as redes sociais no rural que tornarán imprescindíbeis nun contexto de PO. *
- Promover o concepto da **“tecnoloxía axeitada”**.
- Introducir o **ensino da Permacultura** e técnicas afíns en todos os niveis formativos e áreas onde sexa aplicable. Fomentar a creación dun Instituto Oficial de Permacultura en Galiza, en paralelo a un proceso urxente e ambicioso de **formación de formadores** mediante as principais autoridades internacionais na materia. *
- Poñer en marcha **cursos gratuítos** de horticultura, permacultura, reparacións domésticas, enerxía renovable práctica, etc. dirixidos aos parados e persoas interesadas en mudarse da cidade ao rural. *
- Darlle pulo aos proxectos xa existentes de **recuperación do saber tradicional**, e poñer en marcha outros, orientándoos non só á mera conservación cultural patrimonial

senón poñéndoos en valor de uso, dándolles máxima aplicación práctica e formando novos “sabedores”, ao estilo da Universidade Rural Galega. *

- Promover as Escolas Populares, os Ateneos e outros **mecanismos de autoformación colectiva dos cidadáns**, facilitándolles p.ex. locais e a adquisición de material formativo.
- Revisar os **libros de texto** escolares, nomeadamente na área de coñecemento do medio, para incluír a visión histórica da relación entre a nosa especie e a enerxía, ata chegarmos ao momento actual de fin dunha era de abundancia enerxética.
- Poñer en marcha unha **educación en novos valores** e para unha nova cidadanía (*vid. infra* sección de *Difusión e concienciación cidadá*).
- Realizaranse **campañas informativas** de fomento e recoñecemento do consumo e uso de bens e servizos con **menor intensidade enerxética**.

Criterios xerais:

- Preparar aceleradamente unha **transición de toda a sociedade cara as enerxías renovables**, pero inescusablemente acompañada dunha **drástica redución do consumo enerxético**, nomeadamente naquelas áreas nas que Galiza é máis dependente dos derivados do petróleo, e dentro dun modelo enerxético totalmente diferente ao actual, descentralizado e autocentrado.
- Promover unha **redución dos impactos ambientais** provocados polas actividades produtoras de enerxía, así como mellorar a eficiencia enerxética en todas as etapas do ciclo da enerxía.
- Afondar no **coñecemento das reservas enerxéticas galegas** e as limitacións económicas e ecolóxicas que estas imponen, conforme se poda evitar ou reducir a **dependencia enerxética galega**.
- Impulsar o **control das administracións galegas** sobre as reservas enerxéticas en territorio galego.
- Procurar a **soberanía enerxética do país**: non dependermos do exterior para a enerxía que consumamos. **Reducir a nosa dependencia** do petróleo, do gas natural e do carbón.

Medidas:

- Elaborar un **Plan de Continxencias** para garantir o subministro enerxético en situación de crises enerxéticas, ao estilo do doutros países, p.ex. Cataluña. Este Plan incluíría medidas voluntarias e obrigatorias. A aplicación das obrigatorias realizaríase cando as voluntarias fosen insuficientes para controlar a demanda e tivese comezado a fase de emerxencia e xa que logo deberían ter un carácter drástico. Dentro delas o Plan distinguiría entre medidas de carácter xeral, e entre as enerxías que son canalizadas a través de redes (electricidade, gas natural, e GLP) e as que se transportan por vía terrestre ou marítima para centros de consumo ou distribución (gasolina, diésel, queroseno, fuel-óleo e GLP envasado). Preparar un plan de emerxencia enerxética, a partir das recomendacións da AIE (2005) e doutros organismos internacionais.
- Aplicación plena das **competencias exclusivas** recollidas nos art.27.12, 27.13, 28.3 28.4 e 30.2 do Estatuto de Autonomía para Galiza, así como o estudo da ampliación das competencias nesta materia diante dunha **reforma futura do Estatuto** e demanda urxente desa ampliación.
- Reclamar ante o Goberno central a **participación do Goberno galego** naqueles órganos con capacidade decisoria sobre a **ordenación do sector enerxético**, prioritariamente do eléctrico.
- Favorecer a creación de **empresas municipais e/ou comarcais de produción e distribución de electricidade e de calor** que empreguen fontes renovables locais. *
- Fomentar económica e normativamente a **xeración eléctrica para autoconsumo**, tanto de familias como de empresas e outras entidades. *
- Promover unha **nova cultura enerxética** que poña énfase no aforro, na eficiencia, e nuns modelos de mobilidade e ordenación do territorio que reduzan o consumo real.

- Garantir os **dereitos enerxéticos básicos dos cidadáns**: a coñecer a orixe da enerxía e os seus efectos ecolóxicos e sociais; a captala, xerala e vendela localmente; a acceder xustamente ás redes, etc.
- Apostar decididamente polas **enerxías renovables** que ofrezan a mellor TRE (Taxa de Retorno Enerxético), coa máxima independencia de insumos exteriores, en produción descentralizada, e orientadas ao consumo interno. Este impulso non debe servir como vía para agochar exclusivamente un incremento da produción total, senón dentro dun plano global de substitución dunhas fontes por outras, de modo que se tenderá a reducir substancialmente a importancia en termos relativos e absolutos da enerxía transformada en base a recursos non renovábeis. *
- Controlar estritamente os proxectos destinados á xeración de enerxía, mesmo no caso dos que se baseen en recursos renovábeis, considerando a **compatibilidade ambiental** con outros usos. Declararanse espazos naturais que pola súa importancia ecolóxica deberán estar exentos de calquera explotación enerxética con fins mercantís.
- As **actividades transformadoras de enerxía** en base a recursos non galegos deberán someterse ás mesmas medidas correctoras establecidas para as usuarias de recursos propios.
- Revisar toda a **normativa enerxética galega** para adaptala aos obxectivos xerais enunciados anteriormente.
- Revisar todos os **grandes proxectos enerxéticos** en curso (encoros, parques eólicos, centrais de biomasa, etc) baixo a supervisión administrativa da Xunta de Galicia.
- Promover a eliminación ou redución das **subvencións** á exploración e transformación de combustíbeis fósiles.
- **Non permitir a instalación de novas centrais térmicas de carbón, gas natural, nucleares ou con derivados do petróleo.**
- Adoptar todas as medidas ao alcance da Xunta de Galicia para evitar que ningún buque con **residuos nucleares** poida navegar dentro da nosa Zona Económica Exclusiva.
- Fomentar a venda de electricidade por parte de pequenos produtores. Fomento do **cooperativismo enerxético**. *
- Procurar fórmulas que fagan **reverter parte dos beneficios das industrias enerxéticas** nas bisbarras onde se asentan os grandes centros de produción enerxética coa finalidade de construír nelas unha outra alternativa produtiva encamiñada aos obxectivos dunha economía baixa en carbono. Estes investimentos en ningún caso estarán dirixidos a localizar aí empresas altamente consumidoras de enerxía.
- Estabelecer **mínimos indemnizatorios** que as empresas produtoras deberán aboar aos afectados pola instalación de centrais produtoras de enerxía. Revisar anualmente estas cantidades coa finalidade de minimizar o dano económico que para os afectados puideran ter estas centrais.
- Incluír na normativa de construción a obriga de **illamento térmico**. Revisar a normativa galega para a aplicación do **Código Técnico de Edificación** con criterios de aforro, eficiencia e sustentabilidade. *
- Adoptar o **Oil Depletion Protocol** (como xa comezaron facer algúns gobernos locais noutras partes do mundo) e promover o mesmo entre os concellos galegos.
- Promover o cultivo e a **autoprodución local de agrocombustibles** (pero só se

sobra terra cultivable despois de dedicar a comida, plantas medicinais, materiais para bioconstrución e tecidos). Facilitar a **substitución dos combustibles derivados do petróleo** por biocombustibles líquidos ou gasosos (aceite, biogás, bioetanol celulósico, biodiésel de algas, bicombustión, etc.) modificando os motores dos vehículos pero necesariamente en paralelo a unha redución do número de vehículos e do seu uso (marco de autolimitación). A finalidade dos agrocombustibles xerados deberán ser para usos locais e, preferentemente, **para uso agrícola, para servizos de emerxencias e para transporte de alimentos e bens de primeira necesidade.** *

- Priorizar as axudas económicas ás empresas a que poñan en marcha **plans de aforro enerxético** ou que se teñan auditado enerxeticamente e teñan mostrado unha alta eficiencia enerxética.
- Promover a eliminación ou redución das **subvencións** en sectores intensivos en consumo enerxético.
- Promover **actuacións económicas paliativas** nas zonas con presenza de actividades fortemente consumidoras ante futuras e posibles reducións de tales actividades.
- Realizar un **plano de electrificación** que garanta a existencia dunhas **redes de abastecemento interno** suficientes e de calidade real, con prioridade para o ámbito rural e en vías a promover medidas de dinamización en todo o territorio galego e o vertido á rede dos excedentes xerados polas instalacións de autoprodución doméstica e/ou empresarial e promover a fixación demográfica e evitar o despoboamento rural.
- Proceder a unha revisión da normativa sobre emisións, co obxectivo de aplicar unha **fiscalidade que grave os prexuízos ambientais do uso de combustibles fósiles** ou por vías agresivas co ambiente, utilizando os ingresos correspondentes para restituír no posible os danos provocados pola actividade transformadora, e en investimentos produtivos nas comarcas onde se asentan eses centros de produción e consumo.
- Reclamar o **investimento no noso país** dunha parte dos recursos financeiros obtidos polas **empresas produtoras de enerxía en Galiza ou fortemente consumidoras**, tendo en conta a acumulación histórica. Igualmente reclamarase o investimento dos ingresos derivados pola **prima de carbón autóctono** utilizado durante as últimas décadas. Do mesmo modo, reclamarase o investimento no noso país dos ingresos que en concepto de **custos de transición á competencia** recibidos polas empresas eléctricas operantes en Galiza. Estes investimentos non deberán facerse en actividades dirixidas à explotación de recursos non renovábeis ou que sexan perniciosas para o ambiente.
- Duras **sancións económicas para a publicidade enganosa** que pretenda apoiarse en características “ecolóxicas” dos produtos pero que inclúa datos falsos: *coches que non emiten CO2*, etc.
- Estudo do aforro enerxético e outros beneficios da **implantación da hora galega** (a que nos corresponde polo meridiano no que estamos, é dicir, a mesma ca en Portugal e Canarias) e estudo das necesidades da modificación de horarios oficias, laborais e comerciais para un mellor aproveitamento da luz e calor solar unha vez implantada o nova hora.
- **Impedir a incineración do lixo como forma de xeración de enerxía eléctrica**, agás situacións excepcionais. En calquera caso, esta deberá estar encadrada nun **Plano de Xestión do lixo** centrado na redución, reutilización e reciclaxe do lixo
- Realizar **estatísticas** continuadas da utilización de enerxías primarias, do uso e transformación das mesmas así como do consumo por tipos de enerxía e usuario, que

permitan dispor da información suficiente para establecer liñas de actuación governamental e facer un seguimento do seu cumprimento.

Hábitat, rural e urbanismo

- **Plan marco para a relocalización** da economía e da sociedade.
- Promover decididamente o **mantemento e ampliación da poboación no rural**, en detrimento das áreas urbanas, mediante leis e medidas específicas que faciliten o **retorno ao campo** en todos os terreos: económico, ambiental, de servizos, vivenda, calidade de vida, etc. Fomento das **ecoaldeas** como un modelo válido para a revitalización do rural, así como priorización dos **proxectos colectivos** para a recuperación de aldeas ou para o retorno ao campo en xeral.
- Revisar diversas **normativas** relativas ao hábitat para adaptalas en clave de PO, entre elas a **Lei do Solo e a Lei de Montes**.
- Fomentar a instalación de paneis solares nos edificios, miniturbinas eólicas e outros **sistemas de autoabastecemento enerxético**, subvencionando a súa instalación ou achegando créditos. Procurar que se faga por medio de empresas locais que traballen neste sector. *
- Promover o **illamento** das vivendas, o seu **aproveitamento solar pasivo** e penalizar o consumo enerxético na súa construción. *
- Difundir no sector da construción as posibilidades da **arquitectura bioclimática** e subvencionar a súa aplicación na construción e reforma de vivendas e outros edificios.
- Promover a **residencia no centro das cidades** en contraposición ás periferias, p.ex. fomentando o aluguer de casas baleiras, aluguer de cuartos, etc.
- Promover a **reestruturación das cidades** para volver a un modelo compacto de usos mesturados, diversos e densos e á vida en proximidade: residencia, escola, traballo, lecer, comercio e transporte cara ao exterior a menos de 10' andando. Redeseñar as cidades para os cidadáns e non para os coches.
- Fomentar coa colaboración dos concellos a **agricultura urbana ecolóxica** mediante campañas, cursos, incentivos diversos, cesión de espazos e apeiros, subvención de sementes, etc.
- Aproveitar fincas non utilizadas de titularidade da Xunta para a creación de **hortas urbanas** comunitarias e ecolóxicas.
- Promover que os **concellos** faciliten tamén a creación de hortas urbanas nos terreos da súa propiedade.
- Promover que se cren hortas para autoprodución de alimentos nos xardíns das **urbanizacións privadas**.
- Aplicar **reformas bioclimáticas e de eficiencia enerxética** aos edificios propiedade da Xunta e adopción destes criterios nos edificios de nova construción. *
- Implantar sistemas de **tratamento de residuos sólidos e de augas residuais** sostibles e autosuficientes, promovendo a reconversión das plantas municipais. Aproveitar para uso agrícola o residuo seco obtido tras o tratamento de augas residuais, sempre e cando non teña contaminantes. Compostar e reciclar ao máximo, establecendo plantas de procesamento local dedicadas a esta función. Estudar todas as redes e plantas de saneamento para a súa adecuación enerxética. Favorecer a depuración mediante lagoas artificiais con plantas macrófitas. *
- **Derrogación da nova Lei de Montes** para favorecer un uso do monte autocentrado, sostible, diverso e encamiñado a fixar poboación no rural. Visión do monte como medio de vida para os habitantes do rural e como verdadeira riqueza natural do país que mantermos e ampliarmos, fornecedora de material, enerxía, abono, biodiversidade, condicións climáticas axeitadas, etc. Eliminación paulatina de plantacións de eucalipto e substitución por outras especies autóctonas e outros usos. Apoio e ampliación dos montes comunais. Apoio ás plantacións forestais multifuncionais e diversas, eliminando progresivamente os monocultivos.

- Urxir a todos os responsables de instalacións de **subministro de auga potable** para que analicen a vulnerabilidade das mesmas diante dunha súpeta carencia de derivados do petróleo ou de subministro eléctrico. Incentivar a reconfiguración das instalacións para un máximo aforro enerxético e unha mínima dependencia enerxética do exterior. Asegurar o subministro de auga potable a toda a poboación diante de desabastecementos de enerxía.
- Subvencionar (p.ex. eliminando ou reducindo taxas) a compra, aluguer e reforma de **vivendas no rural** para persoas actualmente residentes en núcleos urbanos e que pretendan cambiar a súa residencia habitual ao rural ou persoas que queren manter a súa residencia no rural.
- Simplificar requirimentos para as **obras e reformas no rural** e potenciar que se fagan con material e man de obra local, e con criterios de aforro enerxético. *
- **Defensa da parroquia** como figura xurídica e unidade de poboación idónea para a relocalización da actividade social e económica. Potenciación da **bisbarra** como elemento supramunicipal de artellamento do territorio.

Agricultura etc.

Criterios xerais:

- **Reducir a dependencia directa e indirecta do petróleo na nosa produción de alimentos.**
- **Potenciar o desenvolvemento autocentrado e sostible da agricultura e gandería como sectores de riqueza e emprego de futuro, asumindo que Galiza volverá ser un país cunha base agraria crecente dentro dun contexto mundial de substitución dunha civilización industrial inviable con TRE baixas por outra de tipo máis agrario.**

Medidas:

- **Promover a soberanía e autosuficiencia alimentares.** Apoio á produción ecolóxica local. **Prioridade absoluta do goberno: asegurar o suministro de alimentos á poboación.**
- **Prohibición de agroquímicos** (pesticidas, fertilizantes, etc) nos que exista unha sospeita razoábel de ser danos para o medio ambiente, e sobre todo para elementos críticos como as abellas, vitais para a produción de moitos alimentos.
- **Potenciar o banco de terras**, tamén en zonas urbanas e perirurbanas para poñer en contacto a propietarios de fincas potencialmente produtivas e a urbanitas interesados na produción hortícola para autoconsumo ou para venda.
- **Compra de terras por parte da Xunta** para engadilas ao banco de terras. **Revenda a prezos especiais ou cesión a proxectos de agricultura ecolóxica** que impliquen asentamento de nova poboación no rural, primando os proxectos colectivos de tipo cooperativo e cunhas boas avaliacións de viabilidade e enerxética.
- **Eliminar atrancos burocráticos e fiscais á venda en mercados locais de excedentes de alimentos autoproducidos.**
- **Poñer en marcha programas locais de aproveitamento de biomasa forestal** (procedente de rozas, residuos forestais, etc.) como abono agrícola. *
- **Poñer en marcha máis plantas de compostaxe de residuos orgánicos a nivel comarcal.** *
- **Potenciar a posta en marcha de bosques de alimentos** e outros proxectos de *agroforestry*.
- **Modificar os decretos e leis relativos á prevención de incendios forestais** para engadir ás excepcións á prohibición de determinadas especies cando cumplan funcións ornamentais, outras para permitir a súa existencia cando cumplan funcións de produción de alimentos, funcións bioclimáticas, de sustentabilidade agroecolóxica ou outras dentro dun deseño de Permacultura.
- **Ampliar e mellorar a loita contra os incendios forestais.**
- **Revisar a normativa relativa a requirimentos de materiais e embalaxes para os produtos hortícolas** para facilitar o emprego de materiais locais non derivados do petróleo.
- **Modificar a normativa de axudas á incorporación de xente nova á produción agrogandeira** á luz dunha necesaria simplificación de insumos e características técnicas das explotacións.
- **Crear unha axuda económica** á incorporación de novos agricultores equivalente ás cotas da Seguridade Social durante os primeiros anos, condicionada a que se empreguen na explotación criterios de sustentabilidade ambiental e enerxética, técnicas agroecolóxicas ou permaculturais ou outras de interese para promover unha agricultura sustentable pos-petróleo, diversa, multifuncional e integrada co uso do monte: p.ex. co

emprego do molime do monte como abono. *

- **Fomentar a investigación** en permacultura, técnicas de cultivo, deseño de explotacións autosuficientes, tecnoloxías e especies axeitadas e outros aspectos para unha nova agricultura pos-petróleo. Identificar insumos alternativos aos actuais, sistemas de prevención de pragas non químicos, etc. botando man tanto da historia agrícola do país e do saber tradicional, como das experiencias que funcionan noutros lugares.

- Promover a recuperación local e posta en valor dos **excrementos** animais e humanos como abono alternativo, botando man da abundante literatura científica ao respecto, coas máximas garantías para a saúde pública.

- Promover as **feiras e mercados locais**, sobre todo de alimentos.

- Apoiar os **bancos e redes de sementes** locais, facilitándoas a calquera persoa interesada en cultivar alimentos.

- Poñer en marcha **centros de uso comunitario para o envasado** de alimentos e fabricación de conservas por sistemas de máxima garantía sanitaria e mínimo consumo enerxético. Divulgar desde estes centros entre a poboación en xeral, técnicas de conserva caseira. *

- Promover a **reconversión das explotacións agrícolas ao modelo agroecolóxico**.

- Promover a **reconversión das explotacións gandeiras** para aumentar o seu aforro enerxético e minimizar a súa dependencia do exterior. P.ex. mediante programas específicos e **medidas** que contribúan especificamente a:

- **Reducir os custos** mediante: modificación do sistema de alimentación (pastos e outros, fronte a pensos), aforro enerxético (mellorar a eficiencia enerxética e substituír máquinas que usen combustible por tracción animal e labor humano), substitución de produtos químicos (limpeza, fitosanitarios, etc.) por produtos naturais cultivables na propia explotación (viraxe cara a un modelo de gandería orgánica), etc. Estudo de especies de pasto que permiten a alimentación durante todo o ano, sen necesidade de recoller e gardar en seco. Estudo de rotacións óptimas de cultivos para alimentación do gando. Estudo de especies de pasto con maior achega de nutrientes (alimentar mellor, con menos). Alternativa dos bancos de terras para os que non posúan suficiente extensión. Recuperación do pastoreo fronte á estabulación.

- **Potenciar novas fontes de ingresos**: enerxía excedente (puríns para producir biogás, p.ex.), fertilizante orgánico, diversificación de produtos (non depender unicamente do leite)... Aproveitamento enerxético dos residuos e subprodutos da explotación: converter o lixo en ingresos. Máxima reciclaxe dentro da propia explotación.

- Promover a **diversificación de fontes de ingreso** fronte á especialización excesiva actual das explotacións: Desandar o camiño sen saída da especialización (vivir dun único produto). Diversificar a produción e, así, a clientela: en paralelo á adaptación da dimensión leiteira da explotación a niveis adecuados ás novas necesidades, poñer en marcha actividades paralelas compatibles: horta, silvicultura, produción enerxética, etc.

- **Compartir gastos** mediante cooperativas, compras conxuntas de insumos, propiedade compartida de maquinaria, etc.

- Buscar a **comercialización directa e local** dos produtos.

Transporte

Criterios xerais:

- Neste punto crítico onde as nosas sociedades son máis vulnerables á queda do petróleo, débese **reducir como máxima prioridade a necesidade de transportar tanto persoas como mercadorías**.
- En paralelo debe pasarse dos sistemas de transporte máis dependentes dos combustibles fósiles a outros menos ou nada dependentes, pero tendo sempre en conta que **as cidades tenderán a reducirse** e deberán redimensionarse consecuentemente, coa renuncia ao incremento progresivo da poboación e coa desincentivación aos movementos migratorios internos (interior cara o litoral) e ao **éxodo rural, tratando de inverter estas dinámicas**. Ademais, habería que considerar a **reordenación interna dos núcleos urbanos**, cara un modelo compacto de usos mesturados que reduciría ás necesidades de múltiples desprazamentos urbanos. Polo tanto, a planificación dos investimentos e ordenación do transporte urbano ou interurbano non debe facerse pensando nos parámetros poboacionais actuais senón noutros menores e adaptábeis ás novas necesidades que irán dándose.
- Debe terse especial coidado co **cómputo neto da enerxía** precisa para realizar estas transformacións, pois algunhas delas non son doadas, debendo **priorizar aquilo que teña un maior impacto por un menor custo económico e sobre todo enerxético**. Así deberá procurarse a adaptación de vehículos por diante da substitución, p.ex.

Medidas:

- Penalizar e **desincentivar o uso do transporte privado** (coche).
- Procurar mecanismos que sirvan para **incorporar os custos actualmente agachados do transporte** (contaminación, efectos negativos sobre a saúde, esgotamento do petróleo, etc.) ao seu prezo, especialmente do privado, na medida en que isto que estea na man da Xunta.
- **Paralizar todo investimento novo para a construción de estradas ou autoestradas de alta capacidade**. Reconsiderar as obras en curso deste tipo de vías.
- Fomentarase, a través da Xunta de Galiza, e da reclamación ante as administracións Central e Europea, o uso de **transportes colectivos**, e medidas tendentes á redución no uso particular do automóbil Promover o uso do **transporte público**: ampliación dos traxectos, frecuencias e servizos dispoñíbeis; abaratamento dos custes para os usuarios en función da frecuencia no uso; gratuidade ou semi-gratuidade para estamentos con poucos recursos ou que por diversas circunstancias deben facer un uso continuado dos mesmos (pensionistas, estudantes, traballadores nos seus desprazamentos a parques industriais...); servizos lanzadeira entre núcleos periurbanos...
- Promover a transformación paulatina do transporte público cara **modalidades non dependentes do petróleo**.
- Promover a transformación do maior número posible de **buses urbanos** para funcionaren **con aceite reciclado**. Promover unha rede de recollida de aceite usado doméstico, nos negocios de restauración, comedores de centros públicos e de traballo, industriais, etc. para reciclalo en plantas locais que abastecerían estes buses. *

- Promover a **compartición de vehículos privados**: con carrís reservados para estes coches nas estradas (coches con 3 ou máis pasaxeiros), exención de peaxes e outras medidas para a súa promoción.
- Promover **cooperativas de transporte privado** (coches propiedade dos seus membros), clubs de aluguer de coche, redes de autostopistas rexistrados e outros sistemas semellantes. Facilitar o aluguer de coches para ocasionais viaxes longas.
- **Trasladar o investimento** previsto para futuras autoestradas a sistemas de transporte público non dependente do petróleo, preferentemente tren eléctrico e tranvía lixeiro. Eliminar calquera apoio ás infraestruturas de transporte menos sostibles do país nun contexto de petróleo cada vez máis caro e escaso: p.ex. aeroportos, autoestradas, etc.
- **Reducir os límites de velocidade** das estradas.
- Campañas para a **formación dos condutores** de vehículos privados en conducción para o **ahorro de combustible**.
- **Reducir drasticamente a mobilidade** obrigada de persoas e mercadorías, para priorizar despois o ferrocarril e outros sistemas (tranvía, metro...) que poidan moverse con electricidade da rede. Fomentar que o transporte de mercancías se realice sempre que sexa posible, por ferrocarril.
- Organizar xerarquicamente e combinar con bicicletas, motocicletas, pequenos coches e minibuses para a capilaridade. Promover a **intermodalidade** do tráfico.
- Facilitar e promover o uso da **bicicleta** (carrís-bici, etc.). Substituír estradas para coches por vías para bicicletas. Prioridade para a bicicleta no redeseño das vías.
- Axudas para que **ciudades e vilas** cren carrís-bici, aparcamentos para bicis en estacións de autobús e tren, e percorridos peonís.
- Incentivar un **transporte de mercancías** dentro do país que optimice percorridos para aforrar combustible (empregando p.ex. sistemas informatizados), con camións máis pequenos alimentados con aceite vexetal local na medida en que vaia estando este dispoñible, e mediante trens para a saída/entrada de mercancías fóra das cidades.
- Estudiar as posibilidades de uso de **infraestruturas ferroviarias** abandonadas ou da construción de novas vías para ampliar os servizos de transporte de proximidade dos camiños de ferro.
- **Electrificación progresiva dos trazados ferroviarios** en Galiza. Creación de novas liñas de responsabilidade autonómica, totalmente electrificadas, estudando a viabilidade dunha **empresa pública galega de ferrocarril**, ao estilo de Eusko Trenbideak - Ferrocarriles Vascos S.A., p.ex. Especial atención á comunicación do rural por tren. *
- Promover o transporte **por tren (e barco na costa)** para o transporte interurbano. Tren eléctrico preferentemente, para rutas curtas.
- Promover os **trens nocturnos** como alternativa que substitúa progresivamente ás viaxes en avión a outros puntos da Península Ibérica e Europa.
- **Comprimir a semana de traballo**: menos días de traballo por semana, concentrando as horas. Incentivar a xornada continua en empregos públicos, privados e horarios escolares.
- Promover a **navegación a vela**. Recuperar o transporte de mercadorías por río nos treitos fluviais onde for posible. *
- Promover a ampliación dos **espazos peonís** nos centros urbanos e da creación de espazos deste tipo nos diferentes barrios. Estas medidas acompañaranse dunha acción decidida na mellora e ampliación dos servizos de transporte colectivo urbano e coas zonas de influencia, construción de aparcamentos para automóviles na entrada dos núcleos urbanos conectados por transporte público co centro e evitando a construción de novos aparcamentos nos centros urbanos.
- Fomentar a recuperación dos **autobuses de empresa** para o desprazamento dos

traballadores.

- Promover **empresas municipais e supramunicipais de transporte público** en todos os concellos. *

Fiscalidade

Cráterios xerais:

Tendo en conta que os ingresos das administracións tenderán a minguar nunha economía en contracción, deberían reorientarse as ferramentas fiscais de que dispoña a Xunta para favorecer un reparto máis xusto da riqueza do país e para incentivar aquelas prácticas que contribúan á transición social e económica que precisamos realizar tras o fin do petróleo barato.

Medidas:

- **Revisar todos os tributos autonómicos** para penalizar aquelas actividades que obstaculicen a transición enerxética, e rebaixando ou anulando as taxas a aquelas que a favorezan.
- Reducir a fiscalidade aos **comercios de proximidade e pequenas tendas**, sobre todo de alimentación e produtos necesarios.
- Fomento dun **cambio cultural con respecto ao consumo**. Dentro del, promoción intensa dos **produtos galegos** fronte aos importados.
- Favorecer fiscalmente as empresas que faciliten o **teletraballo** para evitar o desprazamento dos seus traballadores de fóra das cidades e como medida complementar favorecedora do **retorno ao rural**. *
- Favorecer fiscalmente o **aluguer e compartición de equipamento** como alternativa á compra-venda, e para favorecer a ampliación da vida útil dos produtos e maquinaria. *
- Penalizar a **obsolescencia programada** e favorecer a produción de bens “para toda a vida”. *
- Estudar a posibilidade de obrigar desde a Xunta a **etiquetar os produtos** que se vendan en Galiza para facer constar datos que fagan ver aos consumidores a súa **pegada enerxética** (mochila enerxética) ou de carbono: distancia da que proceden, consumo enerxético na súa fabricación e transporte, etc. O idóneo sería facelo compoñente a compoñente. En caso de que houberse dificultades insalvables para obrigar a poñer ese tipo de etiquetas en cada produto, a Xunta, por medio da Axencia devandita ou doutro departamento procedería a realizar análises comparativas pola súa conta para determinar esa pegada enerxética, se non fose posible por cada produto, cando menos por cada tipo de produto e procedencia, obrigando aos comercios, nomeadamente aos supermercados a poñelas en forma de carteis ben visibles ao público como maneira de contribuír á decisión de **compra informada dos consumidores** (consumo responsable e consciente). Tamén podería estudarse a aplicación dalgún deses datos aos anuncios presentes en soportes publicitarios como vallas e similares. Diante de normativas que poñan atrancos a este tipo de información ao consumidor, como a prevista a nivel da UE² que impedirá que os consumidores de conservas e de transformados de peixe ou marisco saiban de onde procede o produto co que están elaborados ou optar por indicar a data de desembarco en troques da de captura, adoptar **contramedidas desde a Xunta** mediante inspeccións nas empresas conserveiras ou análises técnicas das conservas, publicando os resultados nos centros de venda.
- Reforzar o control da etiquetaxe de produtos para aplicar as multas correspondentes ás empresas que non indiquen correctamente **en que país están**

² <http://www.elcorreogallego.es/tendencias/ecg/consumidor-non-podera-saber-orixe-dos-moluscos-mariscos-ou-peixes-conserva-ou-elaborados/idEdicion-2012-09-12/idNoticia-765536/>

fabricados. Promover que os feitos en Galiza o indiquen (“**feito en Galiza / made in Galicia**”) a maiores do “made in Spain”.

- Seguindo as recomendacións do economista Herman Daily analizar a viabilidade de **taxar o emprego de materiais e enerxía** dos produtos e servizos no canto do seu valor engadido (IVE), xa que o primeiro é negativo socialmente (esgotamento dos recursos, contaminación...) e polo tanto debe ser cargado fiscalmente mentres que o segundo é un *ben* para a sociedade e xa que logo debería aminorarse a súa carga fiscal. Se non estiver na capacidade da Xunta actuar neste terreo, promover mediante negociacións co Estado Español que se analice a súa posta en práctica. Se este tipo de taxas chocasen coas **normas da OMC**, demandar ao Estado Español que promova nese organismo a súa modificación, ou en caso de resultar infrutuoso, estudar a posibilidade de abandonar ese organismo internacional non democrático e antiecolóxico.

Sanidade e saúde pública

- Impulsar unha **industria farmacéutica local** baseada nos recursos naturais do país. *
- Potenciar a **fitoterapia** entre os profesionais da medicina. **Reciclaxe profesional** tamén en técnicas de diagnóstico e tratamento de mínimo uso tecnolóxico, p.ex. no terreo da asistencia aos partos: fomentando a formación de **matronas e doulas** para asistencia de partos con mínima intervención, facilitando o **parto na casa** seguindo o modelo dos Países Baixos, p.ex. *
- Estudar a **vulnerabilidade dos centros de saúde**, hospitais, etc. de titularidade pública diante dun escenario de escaseza enerxética e de materiais derivados do petróleo. Propoñer alternativas nun plan específico.
- Estimular a máxima **saúde preventiva** entre a poboación e potenciar hábitos de vida e alimentación saudables.
- Proceder á retirada obrigatoria e subvencionada de todo o fibrocemento (**amianto**), nomeadamente no rural, a cargo de empresas galegas autorizadas, para evitar o seu progresivo deterioro e substitución futura por persoal non autorizado. *
- **Campañas de formación** específica de persoas de todas as idades para a **autoxestión e coidado colectivo e persoal da saúde, primeiros auxilios**, etc. *
- Reformular a **asistencia domiciliaria** como forma normal de atención sanitaria ou a persoas con mobilidade reducida ou outros problemas particulares. A asunción colectiva (pública) deste novo modelo serviría como ingreso complementario a moitas persoas no rural, evitaría o desarraigo e dor que implica para moitas persoas deixar a súa casa para permanecer nun hospital ou nun xeriátrico para recibir atencións que poderían dispensarse domiciliariamente, e posibelmente requiriría uns custes financeiros moitos menores ao evitar ou reducir o tamaño dos grandes complexos sanitarios e asistenciais. *
- En colaboración cos profesionais da medicina do país analizar en detalle que outras transformacións é preciso acometer para **preparar o sistema de saúde público nun contexto de carencia de enerxía e materiais**.

Difusión e concienciación cidadá. Outras medidas

Criterios xerais:

- É fundamental a **participación da poboación** en todas estas medidas e que **comprendan en que consiste o problema**, evitando as confusións habituais diante do PO como p.ex. interpretalo como que “se acaba o petróleo”.
- Para iso será preciso un **programa de educación pública continuada**, co obxectivo de que os cidadáns comprendan cómo se chegou ao presente *cul-de-sac* civilizatorio e a relación entre o PO e a crise económica.
- Tamén será preciso explicar por qué, unha vez comeza a desaparecer a abundancia da enerxía fósil, a Humanidade ten que recuperar un estadio no que **a maior parte da poboación debe estar en condicións de producir unha parte do alimento**, para si propio ou para outros, e vinculalo coas medidas de retorno ordenado ao rural. Deberá **poñerse en valor o que ata o de agora se tachaba de atraso** no país, e que sería unha taxa de poboación e actividade rural aínda importante con respecto aos países industrializados: é dicir, **o rural como futuro** e non como pasado, **a vida urbanita para todos como un luxo enerxético** que xa non podemos custearnos.
- Débese explicar que **a *sociedade de consumo en masa* non pode continuar** e que moitos dos **valores da cultura capitalista deberán ser substituídos** por outros, habituais en longos períodos históricos, como o aforro, a sobriedade, a vida simple, a conservación, a reparación permanente vs. o “usar e desbotar”, a preocupación polas vindeiras xeracións, as relacións sociais, a vida local, etc. Explicar que **decreceremos *cuantitativamente* pero que aínda é posible mellorar *calitativamente* as nosas vidas**. Trocar o *máis polo mellor*.

Medidas:

- Colaborar activamente para que se realicen **charlas, xornadas, actividades formativas, actividades escolares, proxeccións de documentais, creación de proxectos interactivos ou transmedia** (ao estilo de <http://www.collapsus.com>), **libros e bandas deseñadas** divulgativos e prácticos vinculados con * :
 - O Teito do petróleo (PO).
 - Economía ecolóxica.
 - Aforro enerxético.
 - Decrecemento.
 - Resiliencia comunitaria.
 - Habilidades útiles nun mundo sen petróleo.
 - Agricultura natural/ecolóxica/tradicional.
 - Permacultura.
 - Autoproducción e conservación de alimentos.
 - Compostaxe caseira.
 - Cociñas solares.
 - Autoconstrución de sistemas de enerxía renovable.
 - Estilos de vida e alimentación saudables.
 - Tracción animal para a agricultura e o transporte.
 - Etc.

- Fomentar a **cultura** de que só é preciso posuír aquilo que é verdadeiramente persoal, e que o resto é **máis eficiente compartilo** (bens comunitarios) mediante aluguer e outros sistemas.
- Crear un **centro autonómico de referencia** permanente sobre estas cuestións, a modo de centro de experimentación e difusión, centro de demostración de técnicas sustentables, granxa-escola, etc. Preferiblemente localízalo nalgún espazo xa existente e infrautilizado ou utilizado para outras cuestións menos prioritarias (*Vid. supra* acerca da proposta Axencia Galega para a Transición Enerxética). Debería coordinar e espallar experiencias a nivel comarcal e municipal por toda Galiza que replicasen estas funcións e as aplicasen sobre o terreo en cada bisbarra. *
- Facer **congresos divulgativos** tamén dirixidos ás asociacións e entidades da sociedade civil, do mesmo modo que coas empresas.
- Promover que as cidades e vilas galegas se unan á **rede de Cidades en Transición** (Transition Towns).
- **Difusión visible tamén na rúa**: instalar paneis concienciadores en determinados edificios da Xunta con lemas sobre o Teito do petróleo e a prol do aforro enerxético. Instalar nun lugar de moito paso de vehículos paneis LED alimentados por enerxía solar que amosen o **prezo do barril de petróleo** de maneira actualizada e gráficas da súa evolución en diferentes períodos (1 mes, 6 meses, 1 ano, 5 anos). Tamén se poden empregar os actualmente existentes nas estradas.
- **Difusión mediante a TV e radio públicas** galegas do problema e das medidas adoptadas: emisión periódica de documentais sobre o PO e como se está a afrontar no mundo, creación de espazos o programas específicos que aborden o problema e dean pautas mediante casos prácticos de persoas, empresas e organizacións que se están a adaptar, tanto aquí como noutros países, produción e emisión dunha miniserie didáctica cun formato semellante a «Historias de Galiza» pero centrada na historia da Humanidade desde o punto de vista do seu uso da enerxía, que trate en paralelo o xurdimento de conceptos coma o progreso continuo, o mito do crecemento, o traballo asalariado, a migración do campo ás cidades para nutrir de man de obra ás industrias, o crecemento exponencial, etc. Crear conciencia pública sobre o problema ao mesmo tempo que se demostra que hai maneiras de abordalo aínda que impliquen trocarnos moitas cousas da nosa vida. *
- **Difusión cos principais xornais** do país de documentos divulgativos sobre o PO e sobre as medidas que tomará a Xunta.
- Creación dun **sitio web específico sobre o PO** e sobre as medidas que realiza a Xunta, con función divulgativa e de información permanente aos cidadáns e para difundir boas prácticas fronte ao PO. Outra función deste web sería servir de repositorio de toda a documentación relevante que se publique noutras linguas acerca do PO, que sería traducida ao galego e distribuída por diversos medios online a todos os axentes sociais.
- Declarar **Galiza zona libre de transxénicos**: prohibición dos transxénicos para conservación da biodiversidade e a **independencia de empresas e insumos de fóra**.
- Potenciar a **autoxestión e autoorganización da sociedade civil** mediante un paquete de medidas específico. Fomentar en todos os terreos a autoorganización da sociedade civil, prestando axuda pero sen dirixismos.

As medidas marcadas con * implicarían a creación de novos postos de traballo. O resto de medidas poderían tamén crealos dun xeito máis indirecto, e sobre todo axudarían a conservar ou reconverter os postos xa existentes.

*Proposta elaborada pola Asociación Véspera de Nada por unha Galiza sen petróleo,
con achegas adicionais de Antonio Turiel e Miguel Anxo Abreira.*